
ATENEA

Nº 53




























Exposición "muller" – Arquivo do Ateneo Ferrolán










Foto: Arquivo Ateneo

ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 53
Maio 2023

Edita
ATENEO FERROLÁN

Redacción e administración
Rúa Magdalena, 202-204
FERROL
981 35 79 70
www.ateneoferrolan.org

Coordinación
XABIER MONTERO DONGIL
FERNANDO RIVERA GARCÍA

Deseño e maquetación
FERNANDO RIVERA GARCÍA

ISSN
1575-9679
Depósito legal
C-1937-1999

Xabier M. Dongil
Presidente do Ateneo Ferrolán

Atenea atópase moi leda por poder achegarse a un sinfín de destinatarios (socias e socios), entidades culturais, institucións, medios de comunicación, bibliotecas, etc.

Nesta ocasión, como case sempre, chega con algo de atraso pero con folgos suficientes para acurtar o tempo da seguinte visita que será antes das vacacións de verán.

Tivemos neste trimestre unha intensa e emotiva actividade que a modo de resume da nosa contribución poderemos resumila na frase "porque foron somos, porque somos serán" atribuída á cantante, escritora e artista Maya Angelou, frase potente, incontestable, empoderante, asumida en primeiro lugar polo movemento feminista e posteriormente incorporada polos movementos progresistas, na política, no sindicalismo, nos movementos e asociacións culturais, memorísticas, etc.

No caso de Ferrolterra, durante o pasado ano 2022 e neste primeiro de 2023 foi utilizada na conmemoración do 50 aniversario dos sucesos de Ferrol do ano 1972 e como exemplo e guía para situar o compromiso de seguir traballando na defensa das liberdades, da sanidade pública, no ensino público, nos dereitos sociais, na loita contra a pobreza e exclusión social, etc.

Estas palabras non son só palabras son dereitos que nos están sendo limitados de formas e métodos sutís mediante a utilización das plataformas virtuais, nos atiborran de informacións falsas, con bulos, nos que cada vez e máis difícil discernir a verdade, a verosimilitude, seleccionan cantos amigos son suficientes e quen son do teu interese, somos espiados nas conversas, nas mensaxes, a quen non ofreceron artigos despois dunha conversa ou un "me gusta"?, na que soluciónanche tódolos problemas. E para non dar nin tempo a pensar do

que acontece irrompe agora a intelixencia artificial, que avanza vertixinosamente. Agora unha "máquina" xa pode saber o que pensamos, dereitos como a privacidade, inviolabilidade, libre elección, etc., xa están superados, algoritmos seleccionan candidatos para un traballo a intelixencia artificial decide qué resulta idóneo. Pero é preciso baixar a tocar térreo, si o Tribunal Supremo valida que se poida realizar un despido por WhatsApp, que nos queda.

Que nos queda? Debemos quedarnos que os avances tecnolóxicos só serán beneficiosos ca participación e implicación da cidadanía.

Agora, para non continuar nese senso, ao que voltaremos máis pronto que tarde, rematarei con tres feitos de enorme importancia:

O primeiro refírese a homenaxe que en lembranza das persoas que pola súa defensa da legalidade republicana e das liberdades democráticas foron vítimas da represión franquista en Ferrolterra, Eume e Ortegal desde o ano 1936 ata 1975, celebrouse no teatro Jofre a finais de abril deste ano 2023.
O segundo refírese á decisión que a directiva do Ateneo Ferrolán acordamos, unha vez aprobada e publicada a Lei de Memoria Democrática DEMANDAR A DEVOLUCIÓN DOS BENS INCAUTADOS AO ATENEO FERROLÁN NO ANO 1936 POLAS AUTORIDADES DO RÉXIME FRANQUISTA, tal e como se especifica na Lei 20-2022 de 19 de Octubre (BOE 252) no seu capítulo III do artigo 31.2
O terceiro refírese ás Eleccións Municipais, nas que o Ateneo Ferrolán volve ser Colexio Electoral, que son a expresión democrática máis próxima aos cidadáns, elíxense persoas que soemos atopar pola rúa, nos bares, nos parques, etc., e dicir, eliximos aos nosos veciños, é aí onde radica a importancia e interese destas eleccións, esta proximidade tamén permite escudriñar mellor, se cabe, as mensaxes, as expresións, a empatía, polo que a participación convertese nunha opción imprescindible para que o resultado sexa a expresión mais xenuína, e acertada, pero desta festa da democracia xa falaremos na seguinte visita que Atenea faravos antes das vacacións de verán.

MULLERES NOS MEDIO DE COMUNICACIÓN

Infrarrepresentadas

Rebeca Collado

As mulleres xornalistas e o dereito á mediocridade

Marta Corral

Obreiras da información, espellismos de poder

María Jesús Rico

O necesario enfoque feminista nos medios de comunicación

Ada Romero

Rebeca Collado
Xornalista

Infrarrepresentadas

Cantas portadas de xornais teñen a unha muller como protagonista? Cantas voces de mulleres escoitamos nos informativos e programas de radios e televisións? Non é preciso botar contas para saber que a presenza das mulleres nas novas que publicamos os medios de comunicación de Ferrol é menor ca dos homes. Sobre todo, nas novas que abren informativos, as dos grandes titulares, as que valen un mandato. Cantas mulleres interviñeron nun dos plenos máis importantes de Ferrol dos últimos 20 anos, o do convenio con Defensa? Ningunha. Un tema clave para o futuro da cidade, pero no seu debate non se escoitou ningunha voz feminina. Claramente, as mulleres están infrarrepresentadas.

Nunha comarca que só ten dúas alcaldesas, a de Narón e a de Moeche, que aínda que ten unha muller delegada da Xunta en Ferrol, non ten representantes femininas no Parlamento de Galicia e as que ten no Congreso e no Senado non exercen unha comunicación especialmente activa cos medios, abordar cuestións políticas de calado con voz de muller é, cando menos, complicado. En Ferrol, ningún dos grupos municipais ten unha muller como voceira, así que o peso e o protagonismo está acaparado polos homes. Isto, na práctica, supón que as reaccións e opinións sobre a gran maioría dos temas de cidade teñen voz de home.

Noutro ámbito de calado, como é o económico e laboral a presenza feminina tamén é reducida. Ningunha das principais asociacións empresariais están presididas por mulleres, as compañías tractoras da economía da comarca tampouco están encabezadas por mulleres e os grandes proxectos industriais que se prevén para o futuro tamén están ligados a nomes de homes. No ámbito sindical atopamos máis do mesmo. Na comarca, as organizacións de traballadores e traballadoras están lideradas por homes.

Con este panorama, en moitos casos as novas protagonizadas por mulleres quedan circunscritas ao ámbito social e cultural. Nestes círculos a presencia feminina é máis ampla e palpable. Con todo, non está exenta de certas dificultades. Diariamente son testemuña das trabas coas que se atopan as mulleres que non teñen un cargo público para intervir nos medios de comunicación, sobre todo, se a intervención non está fixada con anterioridade.

Chamar por teléfono, que respondan á chamada e gravar unhas declaracións sobre o tema en cuestión non é sinxelo. E é que moitas non poden atender o teléfono coa prema que require un informativo de radio porque, na maioría dos casos, precisan dun aviso previo para poder xestionar eses minutos que supón a chamada. A resposta máis habitual é: podemos facelo mañá? Cada unha ten os seus motivos, pero o que máis me ten chamado a atención é cando restan importancia ao seu labor e escapan do protagonismo. Iso cos homes non acontece.

As redaccións dos medios de Ferrol están compostas, principalmente, por mulleres e temos a responsabilidade de ser conscientes desa balanza desequilibrada da presenza das mulleres nas informacións que publicamos. Non está na nosa man designar a máis mulleres para que ocupen postos de responsabilidade, pero si podemos darlle o peso que merecen as mulleres nas nosas informacións. Eu mesma non me decatei ata o pasado ano da escasa presenza de voces femininas no espazo informativo que saco adiante cada día. A partires dese momento, asumín un compromiso modesto e, a todas luces, insuficiente, pero é un primeiro paso: incorporar, como mínimo, un corte de voz dunha muller no programa. Algunhas persoas pensarán que é unha cota, que tan de moda volve estar agora, pero cota ou non, considero que é primordial sumar máis presenza feminina á información.

Nesta marea debemos remar, unhas e outras, para acadar unha representación máis xusta das mulleres nos medios. Oxalá no futuro próximo moitas se animen a dar un paso ao fronte e reclamar tamén o espazo que merecen, que merecemos, en todos os ámbitos da sociedade. Ocupando postos de responsabilidade na política, no empresariado, na representación sindical e sendo a cara visible de proxectos de todo tipo. Que non se alerte o machirulado, non terán, non teñen, un trato especial por parte da prensa. Simplemente, xa é hora de deixar de estar infrarrepresentadas.

María Jesús Rico
Xornalista



Obreiras da información, espellismos de poder

A comezos do verán de 2002, cando, coa carreira recén rematada, comecei as miñas prácticas en Ferrol, había mulleres ao mando en cando menos tres delegacións de medios de comunicación (La Voz de Galicia, El Correo Gallego, Cadena COPE) e unha aparecía como propietaria dunha televisión local (Canal 31). Tamén eran mulleres as voces e caras da radio e televisión públicas. E no que pouco despois foi a miña casa, o Diario de Ferrol, as funcións executivas, as decisións diarias sobre contidos, tamén as exercía unha muller, recoñecida co posto de redactora xefe. Máis de vinte anos despois, non queda ninguén.

Que foi o que pasou en Ferrol en dúas décadas para que as redaccións estean ocupadas en ocasións practicamente ao 100% (a porcentaxe flutúa) por mulleres pero non haxa ningunha visiblemente ao mando? E con "visiblemente ao mando" quero dicir que haxa un posto de responsabilidade que estea recoñecido publicamente e que se reflicta na nómina porque é na nómina onde está a igualdade no eido laboral. Onde quedaron as referentes que tiñamos entón, a principios dos 2000? Por que foron substituídas sempre por homes cando as desprazaron a outros postos, as despediron ou se xubilaron? Canto ten que ver con esta situación a crise e brutal reconversión do sector e a desaparición progresiva de medios de comunicación na cidade? Xa non hai CRTVG en Ferrol, nin Localia, nin El Correo Gallego (a pesar de que este xornal centenario naceu aquí). No meu propio medio, que en tempos chegou a superar a trintena de traballadores no seu cadro de persoal, o posto de redactor/a xefe xa non existe. A dureza da situación favorece un mando masculino? O de Ferrol, é unha anomalía ou o patrón repítese nas demais cidades?

Gustaríame poder responder a estas preguntas pero con cada reflexión só xorden máis dúbidas e nestas últimas semanas, falando con compañeiras de aquí e de alá e contemplando movementos nas cabeceiras dos medios galegos, quédame a sensación nada agradable de que somos un exército de formigas, un batallón de modistillas facendo un traballo cada día máis costa arriba, con máis esixencias pero menos recursos, tentando a cuadratura do círculo, pero que non tomamos ningunha decisión. Pasamos de imaxinar o futuro a apenas sobrevivir e a que o horizonte se limite a como

chegar ao final do día. E os centros de poder, na maioría dos casos, nin sequera están aquí. E o poder é un algo difuso, afastado, no que soe haber gravatas.

Pódese vencellar esta desaparición de mulleres nos postos de mando dos medios ferroláns coa precariedade do sector? Sería inxusto cos meus compañeiros que pelexan con nós día a día e que sofren a mesma situación pero sen dúbida a desaparición de opcións tamén reduce as posibilidades de que eses lugares os ocupen mulleres.

Pódese vencellar co endurecemento nas condicións de traballo propiciado pola crise e pola dixitalización, esa roda de hámster infinita? Hai que telo en conta porque os incentivos para aceptar eses postos ou para competir por eles non resultan atractivos. Os cargos intermedios non son doados e, en tempos revoltos, poden ser a diana á que disparar desde todos os ámbitos. Máis aínda se só es un brazo executor de ordes alleas.

Entón, por que uns si e as outras non? Pode haber diferente cultura laboral segundo falemos de homes e de mulleres que inflúe á hora de aceptar segundo que condicións, de asumir a competitividade e de ver ao compañeiro como rival? A situación familiar e persoal das mulleres condiciónaas máis á hora de postularse a segundo que postos ou de rexeitalos se llelos ofrecen? Somos máis remisas a facernos ver para poder aparecer nalgunha "quiniela"? Somos vítimas do "síndrome da impostora" e non nos vemos capaces? Canto ten que ver tamén na situación unha estrutura empresarial totalmente vertical, desconectada entre o vértice e a base, na que arriba non coñecen quen sostén en pé o edificio? E canto unha cultura laboral baseada na cooptación na que son homes os que poñen a outros homes en postos que se consideran relevantes para que despois sexan sempre homes os que teñen a experiencia e os contactos para ascender?

Como se rompe con esta dinámica que, por outro lado, non é exclusiva dos medios de comunicación?

Un exemplo en Ferrol son as mulleres que crean as súas propias empresas. Aí si. En axencias de comunicación ou en medios en liña temos na cidade (penso en Pingota Comunicación, fundada por tres xornalistas de Diario de Ferrol, ou en Ferrol360, na que tamén se deixan a pel boas compañeiras) a experiencia de que a auto organización é a maneira de atopar outro xeito de facer as cousas. Aí si están as nosas referentes. Tamén están nas redaccións, seguen estando, incluso máis ca antes, aínda que non se vexan. Coñecémolas e admirámolas, amparámonos nelas para protexernos e para aprender. Quizais é hora de facer algo ao respecto.

Marta Corral
Xornalista



As mulleres xornalistas e o dereito á mediocridade

Co gallo da entrega do Premio Couso á Liberdade de Prensa dos anos 2020 e 2021, tiven a sorte de moderar un faladoiro cos dous gañadores aos que xuntara a pandemia: Lorenzo Milá e Manuel Rico. Pregunteilles, case ao final da nosa conversa no patio do Torrente Ballester, se o seu percorrido profesional tería sido o mesmo se houbesen nacido mulleres.

Rico negou con rapidez, mais Milá vacilou antes de lembrarse da súa parella, os fillos e as maletas que el non fixo para moverse polo mundo facéndose un nome imprescindíbel das corresponsalías de TVE. Dixo, iso si, que a súa irmá tivera unha carreira de éxito sendo muller e a min saíume: «Home, Mercedes Milá é moita Mercedes Milá». Pensei entón o futuro incerto das que non temos talento dabondo para ser ela.

As mulleres xornalistas, como ocorre noutros eidos, temos por riba nosa a condena de ter que ser unha fóra de serie. Temos que ter a sensibilidade feminina, o pragmatismo masculino, unha chea de ideas orixinais cada día, unhas aptitudes solventes na escritura e na locución. Temos que ser guapas dabondo, posuír corpos normativos, vestir ben, ser atractivas.

Temos que ter carácter, pero non ser conflitivas. Temos que saber calar e facerlle a pelota aos nosos compañeiros homes para non rachar coa súa, xa fráxil, masculinidade. E iso témolo que facer lidando cos diaños que nos veñen de serie ás mulleres: con ese síndrome da impostora que nos fai dubidar de todas e cada unha das nosas actitudes ou decisións e, como non, dese *estúpido* afán de querer conciliar.

Porque, amigas, se as mulleres xornalistas que non somos nais témolo difícil, as que levan unha familia ou están coidando a persoas dependentes, de seguro que dormen cunha férula que mitigue os nervios que se lles aloxan na mandíbula. Se competir cos homes xa non era doado, ter que facelo contando con moito menos tempo é unha misión imposible ou un atentado contra a propia saúde mental.

As que coidan son as que reducen a súa xornada e cobran menos. Son as que non poden quedar máis horas porque teñen tarefas que ninguén vai facer por elas. Son as que case nunca dispoñen de tempo para tomar unha caña cos compañeiros. Unhas e outras cousas fan que sexa imposible destacar no xornalismo sendo unha muller mediocre. E diredes que non parece esta unha reivindicación moi acaída porque a ver que vai ser isto de que a mediocridade destaque.

As mulleres conquistamos moitas cousas, pero aínda non conquistamos o dereito á mediocridade do que si gozan eles. Homes pouco profesionais, pouco formados e mesmo irresponsables e neglixentes convertéronse en actores principais da nosa sociedade a través dos medios de comunicación. Homes que non teñen sensibilidade, nin pragmatismo, nin orixinalidade, nin aptitudes solventes na escritura e na locución, nin son atractivos, nin calan cando hai que calar. Pero velaí están, gobernando a meirande parte das grandes cabeceiras e facendo opinión.

Xornalistas Galegas, no seu traballo *As mulleres na opinión: un elefante rosa no medio das redaccións*, co que gañaron o premio Comunicar en Igualdade 2019, recompilaron as sinaturas das columnas de opinión dos principais xornais galegos durante un ano e só o 15,5 % estaban asinadas por mulleres. Se miramos a Ferrol e comarca somos una grande maioría de mulleres nas redaccións, pero practicamente ningunha en postos de dirección.

As mulleres xornalistas ferrolás na práctica totalidade posúen titulación superior —na súa maioría a que ten que ser, Xornalismo— namentres non poucos dos homes que exercen na cidade e acaparan traballos non pasaron nin sequera pola Universidade. E non quero xulgar desde o privilexio de ter estudado unha carreira nos meus anos mozos, pero si apelar á responsabilidade adulta que busca unha formación para validar o seu posto laboral, como si fixeron outros compañeiros.

Reivindicar o noso dereito á mediocridade é facer camiño para as que veñen detrás. Aforrarlles a tensión na mandíbula, o chan pegañento e, oxalá, tamén o teito de cristal. Porque chegará o día no que as mulleres xornalistas conquistemos os postos de mando no canto de quedarnos unicamente sendo esa infantería invisible que escribe ás agochadas porque non é Mercedes Milá.

Ada Romero
Xornalista



O necesario enfoque feminista nos medios de comunicación

Os medios de comunicación influímos na sociedade, e os profesionais que traballamos neles temos unha alta responsabilidade sobre como abordamos os temas.

A escolla dos mesmos tamén é tremendamente relevante, pois os contidos crean tendencia, opinión, e inflúen directamente no receptor. De aí a importancia dun enfoque feminista que poden aportar os homes, coa necesaria formación en perspectiva de xénero, pero que sobre todo deberiamos de trasladar as xornalistas.

No medio no que traballo, a radio, o xeito de falar, de seleccionar os convidados no espazo do magazine, o punto de vista dende o que se tratan os temas, etc., é relevante porque vai determinar os contidos e o xeito de contar as cousas.

Comunicar con perspectiva de xénero supón tratar de evitar as desigualdades na sociedade, coñecer máis a fondo as problemáticas femininas e contalas dende a óptica das mulleres.

Para isto é preciso que as comunicadoras esteamos presentes nos medios de comunicación redactando, locutando, cubrindo eventos e roldas de prensa, facendo información social; cun peso importante e coa paridade necesaria. E a realidade non coincide con esta, de momento utopía, xa que cabe destacar que aínda que as mulleres somos maioría nas facultades de Ciencias da Comunicación, representamos arredor do 62% do paro rexistrado no noso país, datos que non variaron moito nos últimos anos. Ademais, segundo o último informe sobre a Profesión Xornalística que anualmente publica a Asociación da Prensa de Madrid, tan só o 23% das direccións dos medios informativos en España están encabezadas por mulleres. Sucede un pouco o mesmo nos postos relevantes, como locutor principal, presentador de informativos, etc.

Con estes datos podemos entender que non se trata só de incluír temas feministas nos medios de comunicación, nos informativos, nos faladoiros; senón de conseguir entrevistar a mulleres, falar de política, de educación, de avances tecnolóxicos ou científicos e da actualidade en xeral con elas. Fai falta unha maior presencia feminina


para que os temas teñan ese matiz feminista que vai a facilitar unha mellor educación da sociedade e que se fale dunha igualdade real. Aportar exemplos e testemuñas que falen dende a perspectiva feminina é evitar estereotipos de xénero sobre mulleres e sobre homes.

Por poñer algún exemplo: se falamos dun suceso de violencia machista é preciso dar un xiro ó xeito de facer xornalismo. Hai que intentar evitar as testemuñas que non aportan nada máis que datos sensacionalistas e entrevistar neses casos a unha avogada que fale das consecuencias deses actos; a unha traballadora social que explique o que se está a facer por protexer a esas mulleres, ou incluso poder chegar a algunha que xa pasou pola experiencia dos malos tratos e que conseguiu saír.

O punto de vista feminista nos temas sociais e en calquera outra área ou sección dos diferentes medios de comunicación é básico para avanzar na sociedade e para educar nesa igualdade. Hai que recordar que somos o 50% da poboación e necesitamos vernos reflectidas neses contidos como protagonistas cunha visión real e sen prexuízos, pero tamén se precisan máis mulleres xornalistas en postos relevantes para poder acadar esa igualdade e esa necesaria perspectiva de xénero.

XOANA BALADO FERNÁNDEZ

"Ningún teatro sen compañía e ninguNha Compañía sen teatro"



"Todo estaba empezando, con tanta ilusión, tantas ganas, tan en serio: gañar o acceso á cultura, a facela. Construír e afirmar a cultura galega, con tanta carencia no eido teatral..."

GONZALO RODRÍGUEZ CALVO

Falamos con Xoana, actriz e animadora teatral, e con Gonzalo, investigador e estudoso do teatro galego. Ámbolos dous, xerme do teatro na nosa bisbarra e en Galicia.

Como chegades ao teatro?

Gonzalo: Bueno, coñecímonos nun espazo privilexiado de Ferrol e que non se utiliza: o anfiteatro de Caranza. Hai un anfiteatro impresionante!

Aínda que, ao principio, a nosa primeira relación, a nivel de teatro, comezou por vías distintas, non nós coñeciamos. Xoana estaba có teatro Círculo de Perlío e eu con Toxos e Froles e con Luís Calvo, que quixo recuperar o grupo de Declamación do Toxos e Froles. Foi o meu primeiro encontro, eu non tiña nada que ver có teatro, era outra persoa, cun proxecto de "vida" totalmente distinto. No ano 75 tomei o 'veneno' do teatro e... ate agora.

Entón, como foron eses inicios? Difíciles? Moita ilusión e poucos medios?.....

Xoana: Pois, en canto aos medios, non creas. Había moitísimo técnico que sabía....de luz, sabían de planos, sabían de escenografía, sabían de resistencia de materiais, etc. Cousa que outros grupos de teatro non tiñan. A nós nunca se nos caeu nada! (risas). Había recursos, vaia!.

Gonzalo: Todo estaba empezando, con tanta ilusión, tantas ganas, tan en serio: ganar o acceso á cultura, a facela. Construír e afirmar a cultura galega, que tiña tanta carencia no eido teatral...

Era sinxelo compatibilizalo traballo coa afección ao teatro (tempo, viaxes, actuacións, ensaios, etc.)?

Xoana: Bueno, eu penso que daquela a conquista da rúa, ou sexa, o poder nós, as rapazas, saír e poder formar parte dun grupo de teatro e todo iso, era un obxectivo de primeira orde. Compatibilizábase como fora!.

Gonzalo: Para min o teatro pasou a ser o meu obxectivo vital e compatibilizábase con todo o que se podía.

Onde aprendíchedes? Porque agora hai escolas, estudos profesionais....

Xoana: O teatro é intuitivo (risas). O teatro era, particularmente, difícil, non é como as outras artes.

Necesita, digamos, un desenvolvemento coordinado, un colectivo. Non é unha cousa que podas facer na túa casa, como escribir, por exemplo. Necesitábamos un colectivo con cohesión, que tiveran un proxecto, unha mensaxe que emitir.

Nos comezamos así, practicamente có aniversario de Castelao (25 aniversario do seu pasamento), foran as primeiras montaxes. Entón, claro, necesitaba uns 'mimbres'. E despois estaban, había xente que viña xa do teatro de aquí, de Ferrol. Por exemplo, Elina Luaces que viña do Teatro Estudio, Manolo Lorenzo que nos acolleu como un pai. Viña a mostrarnos como se podía facer, o que había que facer, cales eran os temas.......Todo isto axudou moito.

O papel das escolas?. Naqueles tempos, nos 70, era raro que nos colexios non houbera algunha representación para os cativos. Isto tivo algunha influencia no movemento teatral ou eran cousas illadas?.

Xoana: Hai unha entrevista de fai pouco de Javier Gutiérrez (un dos nosos mellores actores) e el saíra do colexio La Salle e, posteriormente, de Dafonte. Das representacións de final de curso do colexio. Entón si que había xente que se enganchaba.

Gonzalo: E, concretamente, no grupo que eu deixei en Arastora , era un matrimonio, que era un traballador de Bazán (Benito), que tamén tivera relación con Teatro Estudio. Pois a súa muller era profesora do instituto, Eva Ocampo Vigo, que tivo unha labor moi importante no instituto. Se mirades o...

Xoana: Montou ata desde 1975 ata 1979 unhas 25...(obras)

Gonzalo: Si, porque colleulle a época, foi cando comenzaron a aparecer as materias optativas e ela levaba o de teatro. Pero, fundamentalmente, como todos os que empezamos daquela, o que había era moita ilusión tamén nos mestres. Entón, en canto a formación, dicías ti, eu recordo o primeiro 'cursillo' que dera Manolo Lourenzo. A raíz de ahi foi cando se montou, no Círculo de Perlío, a romaría "As Covas do Demo". E dicir, montouse a obra a partir dun curso de Manolo Lourenzo.



Fondo Biblioteca

Pero, fundamentalmente, o que se facía, dentro da profesión teatral afeccionada, era que había moita colaboración, e dicir, a calquera que lle pedías axuda sempre estaba disposto, incluso a nivel de calquera organización. En calquera institución sempre aparecía algunha persoa relacionada có teatro porque, claro, no teatro hai que facer todo. Entón son persoas moi válidas para calquera cousa.

Xoana: Aportaban moitísima xente (as institucións).

Nesa época, en Ferrol, Ferrolterra, en xeral Galicia, tiña boa acollida o teatro?

Xoana: Había moita expectativa porque, practicamente, estaba empezando ao mesmo tempo, entón si que éramos recibidos con curiosidade e, desde logo, no Círculo de Perlío, iba todo o mundo. Igual que ías ao baile do "farolillo" ías ao teatro.

Gonzalo: E dábase esa conxunción que diciamos antes, non é que fosen afeccionados ao teatro, eran afeccionados ás actividades culturais que rompían co todo o anterior. De ahi a miña reflexión de cando entrou a Caixa, baixou moito. Porque a xente desligouse, non tiña unha participación directa....

Digamos que a Caixa deulle máis visibilidade pero minguou o movemento popular?

Gonzalo: A actividade cultural deixou de formar parte das sociedades. Eu sempre comento unha frase porque me parece totalmente real, dunha entrevista que lle fixeran, cando o Ateneo cumpriu 20 anos, no canal local (Canal 29, creo que era) sendo Luís Barcia o xornalista que entrevistou ao primeiro presidente do Ateneo, Fernando Álvarez e a Eliseo Zaera. E, precisamente, Fernando Álvarez, coa súa educación, delicadeza ...... respondeu á pregunta de Luis Barcía:

"Non será que as institucións, tanto públicas como privadas, están facendo actividades, como a Caixa, o Concello....entón as entidades xa non teñen moita razón de ser? "

Ao cal respondeu Fernando Álvarez

"precisamente, é cando máis necesarias son as sociedades".

Esa frase quedoume gravada porque a políticas das entidades como a Caixa e do Concello son campañas publicitarias e iso ten un tempo Por iso, a min, algo que tería que evolucionar, matou o movemento cultural que había, que era moi importante.

Había algún tipo de axudas? públicas, privadas.....?

Xoana: Outra cousa que nunca esperábamos era que nos pagasen (risas). Aportaba a sociedade da que levabas o nome e despois era todo colaborativo.

Home, supoño que habería algún tipo de contribución privada, como se facía antes, dos bares, dos negocios locais, mais que nada.
Gonzalo: As sociedades cobrábaselle para cubrir gastos (tanto por quilómetro, etc), sen apenas beneficios. Era cubrir gastos e intentar sacar algo máis para poder montar o seguinte espectáculo.

Tivéchedes algún incidente coa censura?
Gonzalo: Si, claro, cousas moi anecdóticas como.... Con Arastora déramos un recital de poemas e cunha canción/poema de Rosalía de Castro, sacado do disco de Amancio Prada. Os textos viñan revisados e nun poema que tiña que ler eu, en cada palabra censurada, eu pitaba.

Pero tivechedes liberdade para representar calquera obra? Había censura por parte do "Estado? E do público?
Xoana: No que se refire ao público, non era algo no que se pensara. Non pesábamos en si lle iba gustar ou non ao público. Había unha necesidade de xuntarse entorno a distintas manifestacións artísticas, de cousas ás que non tiveramos acceso, das artes, dos instrumentos de pensamento. Entón xuntábase a xente alí con moita expectativa e interese. Pero non recordo eu moito en que nos parásemos a pensar en que lles iba parecer. Dabas por sentado que lles iba a parecer ben todo. Date conta que, no 74, apareceu Els Comediants no salón de actos do edificio dos "hexágonos". Eu non sei como fora, pero, para a inauguración, trouxeran a Els Comediants e claro, quedamos todos "pasmados". Era unha cousa tremenda, lúdica, incrible..e despois veu xente de fóra como Els Joglars, no 75, creo, que era unha cousa supermoderna, con tres escenarios,.... espectacular. Algo que, naquela época, non se vía. Agora tes YouTube (risas). Daquela non tiñas acceso a ver as cousas que se facían en Alemaña, como moito as manifestacións televisivas de Estudio 1.

Como pensades que influíu esa explosión tecnolóxica (internet, RRSS, ...) no teatro? E se pensades que dita tecnoloxía minguou un pouco a creatividade, ese traballo creativo?
Xoana: Eu, agora, penso que estamos vivindo un momento teatral estupendo. Non sei se atribuílo á tecnoloxía. O teatro galego deu un 'subidón', tamén porque hai xente moi formada, hai unha escola superior de arte dramático que vai deixando pouso. E despois a cuestión da produción para as plataformas como Netflix, que da traballo aos actores e actrices. Moitas veces estes 'viven' das series, das producións para as plataformas e logo fan teatro, polo aquelo de que é una arte nobre, non porque gañen cartos, senón porque, para un afeccionado as artes escénicas, o mellor é a arte viva. Unha cámara sempre da unha perspectiva, sempre da un ángulo e a perspectiva é do que grava.

En cambio, no teatro, ti como espectador podes mirar a onde queiras, es ti o que dirixe a túa atención a iso ou ao outro. E claro, cando vemos teatro gravado, as gravacións que se fan de teatro aínda non son nada boas. Temos acceso a a todo o que hai de teatro desde 1970! polo IGAEM e ti podes alugar as representacións que queiras pero claro, está todo gravado con moi mala calidade. E isto me parece que vale moito, porque para montar clásicos, recordar o que montou hai 20 anos unha compañía é fundamental.
O que non vexo é que sexa restritivo. As producións televisivas, as series, etc. non creo que restrinxan a asistencia ao teatro. Son vías paralelas, complementarias.

E esas plataformas coartan certo tipo de obras, e dicir, búscase só o beneficio económico e non permite obras máis intimistas o "de autor"?
Gonzalo: Eu ratifico o que dixo Xoana, ninguén por gañar cartos fai teatro. Pero incluso a calquera nivel. Só aquel que se dedica a facer teatro en Galicia é por pura paixón. Se miras os datos estatísticos, salvo moi honradas excepcións ultimamente, en xeral só un 7% ou 9% vive, xa non do teatro, senón da imaxe (cine).

Entón, por esa influencia que ti comentas, das series, do que está de moda, por sorte, baixo o meu punto de vista, non existe. A liña de facer unha obra de éxito a unha mala, son tres funcións. Non hai unha continuidade como pode existir en Madrid ou Barcelona.

Temos ese gran privilexio, hoxe hai apoio, poden montarse, con moitas dificultades e moita ilusión....e móntanse grandes obras. E nunca pensando en vou ter público ou non.

Pode rematar nunha dualidade? Por unha parte o teatro máis clásico, máis auténtico e, por outra banda, o "cine de palomitas"?
Gonzalo: Bueno, no teatro tería que haber aínda máis público, e dicir, temos un teatro que non nos merecemos.
Xoana: Eu penso nas futuras xeracións, agora que se está a programar teatro infantil, que asisten cós seus pais ás obras. Pois se conseguimos unha masa, digamos, suficiente, de bos mestres de secundaria, da rama do teatro, das artes escénicas. Eu penso que amañaría iso (asistencia).

Cal é o problema (e a solución) de que non asista xente ao teatro? Marketing? Social? Xeográfico?
Gonzalo: Eu non sei os problemas que pode haber a nivel administrativo, pero en Ferrolterra tedes unha sala do mellor que hai. Eu penso que deberiades, desde o Ateneo, sobre todo, fomentalo. Este local se presta para isto. Tedes unha sala que se presta para estas cousas.
Xoana: E que hai cousas que espazos grandes, como o Pazo da Cultura (de Narón), non luce, sobre todo as obras dun só artista.


Foto: Arquivo Ateneo

Gonzalo: A min estráñame que ninguén os este premendo para solicitar o voso o espazo, porque está claro que van actuar case gratis. E tamén hai maneira de conseguir subvencións.

Pensades que hai un relevo xeracional?
Xoana: Nos botamos en falla unha compañía profesional e despois....
Gonzalo: Agora mesmo, a nivel de teatro afeccionado, está habendo un movemento bastante interesante a nivel de toda a bisbarra pero con un defecto... que apenas teñen relación entre si. Sen embargo, na nosa época, incluso chegou haber unha asemblea de teatro na bisbarra ferrolán, onde tiñamos xuntanzas con tódolos grupos. Agora nin se van a ver uns aos outros.

Eu formei parte da iniciativa do Concello dos "Domingos a escena" (2000). O obxectivo fundamental era dar un espazo para que tódolos grupos de Ferrol e da comarca puideran actuar nun sitio, pero para que se foran a ver, para que aprenderan.



Domingos a escena 2020

Pode ser un mal común ese. Que todos (entidades culturais) nos queixamos de que non hai unha comunicación pero tampouco facemos nada? Quen debería xestionala, o Concello, unha asociación, ...?
Gonzalo: Eu participei en distintas épocas e era un tema recorrente. Nunca o vin claro, nunca o vin necesario. Pero volvo ao de antes, por que non participamos?. Si realmente nos preocupáramos uns dos outros, se nos relacionaramos iso non era necesario. Sobre todo cós medios (de comunicación) que hai hoxe. O que hai é que querer facelo. Nos decatamos das actividades a toro pasado.

Que opinades do actual do Plan Estratéxico de Cultura?
Xoana: Si claro, hai que planificar. Do noso hai mou pouco. É un intento de ordenar todo o que xa hai e, digamos, que se pode manter ou que se pode aumentar. Aumentar, pois... aumentar un pouco as representacións teatrais por fóra de Ferrol, pero o que era importante era o do Padroado. Penso que é un instrumento que se debería de usar. Se algo hai que pedirlle ao Concello é que as resolucións que se tomen no Padroado sexan útiles, para coordinar as distintas actividades que haxa con tódolos implicados (profesionais e afeccionados) que poidan estar representados.

Gonzalo: Ferrol está sobrado de espazos, pero vacíos de contido. As asociacións de veciños están facendo o que tiña que facer o Concello, ocupando con contidos eses espazos.
A parte están os Padroados, eu creo que deben ser entes máis executivos. Por exemplo, o Padroado de artes e música tiña que ter presuposto propio, de este xeito, eliminabas parte da burocracia e axilizabas as xestións.

Se vos digo o binomio "Teatro – Ateneo"?
Xoana: Houbo moito amor. O teatro independente o trouxo, para aquí, o Ateneo. Algo que nos parecía imposible porque non había sede aínda, no ano 75, que aínda non tiñades este local, e todo isto si que veu por parte do Ateneo. Aquí traballouse moitísimo, a través das sucesivas 'vocalías' de teatro. Por exemplo, o da Capela (do Hospital de Caridade), que foi feita a man!.
Gonzalo: Sempre digo, inda que sexa feo, porque hai xente que fai moitas cousas e non se lle recoñece nada. Pero o Centro Torrente Ballester fíxeno eu (risas), cóntovos a historia!:

Onte, revisando papeis, atopei unhas microfichas. Nos anos 80 é cando empezou a desenrolarse os circuítos teatrais, de ahi os **xoves teatrais**. Eu decátome, na segunda lexislatura creo, dun proxecto para crear un auditorio para a música na Capela do Hospital de Caridade....e onde entra a música non entra o teatro. Eu estaba na 'vocalía' de teatro do Ateneo e aparece a posibilidade de que nos concedan un ciclo (xoves teatrais). Aínda que ese proxecto non foi para adiante, chegamos a época de Fra Molinero. Nós tiñamos concedido ese ciclo e falo con Fra Molinero: "queres participar?, non temos cartos". "Non quero diñeiro, un local, a Capela do Hospital de Caridade, que estaba baleira".
A partir de ahi, recuperamos o espazo: as paredes están forradas con telas ao estilo do pazo de Mariñan, cosidas pola nai de Xoana,... e Fra Molinero cravando puntas!! e facendo o escenario e os camerinos....E por iso digo que, a partir de ahi, foi cando se comezou a facer toda a recuperación do centro cultural. E, polo menos, apúntome ese tanto. O iniciador de esa recuperación, desde o Ateneo.

Por iso o Ateneo ten moita importancia da actividade cultural da cidade ou debería tela. Como todo, depende das persoas, do interese das persoas. Eu, cando participei no Ateneo, sempre dixen: "Eu non veño a traballar para o Ateneo, veño a traballar para o teatro"



Pensades que se perdeu ese interese polo ente asociativo (contextualizando aos tempos actuais)?

Xoana: En relación a poboación nova que queda en Ferrol, penso que a proporción da xente comprometida pode ser a mesma. Evidentemente, polo número non.

En canto o teatro, aínda que está a escola en Narón, penso que falta outra mirada, penso que hai que ampliar a mirada á comarca. Por exemplo, a primeira Mostra de Teatro Infantil, con Luis Álvarez Pousa, tiña unha vocación comarcal. A cuestión era ampliar as funcións, as dinámicas á comarca. E paréceme que hai que volver a pensar así. A Escola de Teatro de Narón ten moi pouca incidencia no tecido ferrolán e ao revés.

Entón pensades que había máis implicación antes?

Gonzalo: Xusto tivemos, na etapa anterior, onde había un asesor cultural Ese asesor cultural era "buscado", non era un calquera e ese asesor controlaba todo.

Xoana: E cousas que, realmente, eran importantes, como que houbera material, o seu funcionamento, etc.

Gonzalo: O que é incrible, eu que participei no primeiro convenio de cesión da xestión, no Padroado. Facíame graza o das sucesivas prorrogas… e levamos así dende o primeiro día e xa se admite como cousa normal…. prorrogar, prorrogar, prorrogar…

Xoana: E sen avaliar (esas prorrogas) porque o do Jofre é un ataque, está pechado a maior parte do ano, co que nos custou mercalo e recuperalo.

Gonzalo: E todo ese convenio, concretamente, cando se fixo, había unha empresa ideal para levar ese traballo pero claro, todo depende de como queiras elaborar ese convenio. Foi preparado para que o levara certa empresa, cando había aquí a empresa Tedaga, unha empresa totalmente implicada coa cultura, con gañas de traballar, de feito son os que están levando todo o de Narón. Pero fíxose o convenio pensando noutros intereses.

Xoana: E despois claro, houbo outras cousas que pedir. Cando estaba Yolanda (Díaz) en cultura, falamos con ela para ser pioneiros e ter unha compañía residente no Jofre para que, no principio, se encargará de non só ser un expendedor de entradas, que fora un centro de creación e produción pero, naquel momento, xa chegou moito con facer o regulamento.

Esto se foi deixando e, agora, non atopamos como cambiar as formas de licitación. Tería que ser alguén con moita vontade política. Que cousas farían falla para que se levase a cabo a creación e produción?, e dicir, que tivese unha dirección artística o Jofre.

Para rematar, como é o voso día a día?. Seguides implicados no ámbito teatral?
Xoana: Eu estou na xunta directiva da Academia Galega de Teatro. Parecíame que era unha iniciativa que había que apoiar. E ben, eu fago iso e tamén ir a "aplaudir" todas as iniciativas teatrais e 'parateatrais' (risas).
Gonzalo: Eu, agora mesmo, sigo apoiando o teatro mais relaxadamente. Son membro da Academia Galega de Teatro. Desde o ano 88 formei parte do Consello de Redacción da Revista Galega de Teatro e, actualmente, formo parte do Consello Editorial e, nas redes, dedícome á difusión de toda a actividade teatral de Galicia, tanto profesional como afeccionado, incluso facendo máis fincapé no ámbito afeccionado. (Gonzalo RGT, facebook). A intención é que a xente se decate de que fan os demais.

Por sorte, os que iniciamos, moi poucos se foron quedando, a maioría seguen participando nas actividades do ámbito teatral. **E como un 'veneno' é aditivo, como Xoana, seguimos aplaudindo todo o que aparece por ahi.**
Xoana: Que é moi bo, eu estou moi orgullosa do moito que se mellorou. Temos un conxunto de actrices e actores, técnicos, iluminadoras, ... algo incrible Eu a expectativa que teño, que me faría moita ilusión ver, sería a internacionalización, ver o teatro galego no festival de Edimburgo, por exemplo.
Gonzalo: Efectivamente, había o problema do idioma, pero estes últimos anos empezouse a saír. O teatro galego está saíndo por fóra. Está tendo un recoñecemento, de feito unha obra de unha galega (Ester Carrodeaguas), un texto dela, está nomeada ao premio Max de teatro e hai xente nova participando internacionalmente, como o fillo de Carlos Blanco (o monologuista, ...) estivo participando no Festival de Edimburgo cun proxecto galego, obra de Roberto Vidal Bolaño. Por iso, o da internacionalización, está a caer.

Por desgracia, en xeral, todo depende das persoas. Concretamente, actualmente, hai unha persoa na dirección do Centro Dramático Galego, que é unha persoa interesantísima e, a ese nivel, móvese moi ben. De feito xa tivo algún espectáculo, do Centro Dramático, en Bos Aires, en Portugal,...
Xoana: E que é incrible que o teatro galego non estea na migración

E a muller no teatro? Como evolucionou o feminismo no teatro? Ou seguimos tendo ese pouso, eses estereotipos que coartan o desenvolvemento pleno das actrices?
Xoana: Non recordo que houbera moita diferenza. O teatro galego xa comezou coa muller por diante. Comezamos no 75 e coincidimos con todo o movemento feminista e me parece que nese sentido

non houbo moita discriminación. Se lle preguntades a Mabel (Rivera), por exemplo, que sempre fala deste tema, é a idade: a muller de certa idade non ten espazo, penso eu.

Gonzalo: Despois, a nivel de participación, a nivel de iniciativa, está como o resto dos posto dirixentes… Pero ben, unha muller nova pode facer de vella pero… **Parece que unha actriz, cando perdes certo "atractivo" quedas apartada…**

Xoana: Ben, inténtase, hai algunha artista inglesa que ahi si que as valoran. Hai artistas moi maiores que seguen traballando.

Un titular para o artigo?

O teatro é aditivo, é como un 'veneno'.

Historia Teatral de Xoana Baldo Fernández:

1988.- Forma parte da Comisión Organizadora do I Encontro do Teatro Profesional Galego

2012.- Preside a Asociación de Amig@s do Teatro Jofre.

2022.- Vogal na Academia Galega de Teatro.

E como se pode ver, segue pelexando pola Normalización do Teatro Galego e confía en que consiga, no futuro prósimo, a súa internacionalización.

Historia Teatral de Gonzalo Rodríguez Calvo:

1975.- Recuperación do Grupo de Declamación do Real Coro Toxos e Froles onde chegan a facer a obra "Mal de Moitos" de Charlón e Hermida.

1976.- Independízanse do Toxos e crean o Gº. de Tº. "Arastora" cedéndolles un local de ensaio a Sociedade Recreativa e Deportiva "Inferniño".

1977.- Participa na creación do Grupo G.A.L.O. (Grupo Autónomo Leitura de Obras) co obxectivo de elaborar FICHAS das obras de teatro existentes, para o seu espallamento a persoas, Grupos de Teatro e Agrupacións Culturais que o requiran.

1978.- Participa na creación da Asamblea de Grupos de Teatro da Bisbarra Ferrolán.

1979.- Intégrase no Gº. de Tº. do Círculo Cultural Recreativo e Deportivo de Perlío, participando na obra "Unha vez houbo un mundo novo". Posteriormente, no ano 1980 pasaría a chamarse Gº. de Tº. "Tagallo" co que monta a obra de Manoel María "A farsa de Bululú".

1982.- Entra a formar parte da Directiva do Ateneo Ferrolán, encargándose da Vocalía de Teatro. Durante o seu mandato créase o ciclo "Xoves Teatrais" para o cal, sendo concelleiro Eduardo Frá Molinero, consigue que participe o Concello de Ferrol, cedéndolle a Capela do Santo Hospital de Caridad, nese momento estaba sen utilizar.

Para a celebración das representacións na Capela foi necesario o seu acondicionamento, pois estaba abandonado, en cuxos traballos participaron distintos membros da Directiva do Ateneo como Francisco Oti que, posteriormente, chegaría a ser o Xefe de Produción do CDG e incluso o propio Eduardo Fra fixo de carpinteiro, cravando moitas táboas para facer o escenario e os camerinos.

1984.- Formou parte do 1º Consello Rector do CDG dirixido por Eduardo Alonso.

Entre Outubro de 1984 e Outubro de 1985, crea e codirixe, xunto con Xoana Balado, o programa de radio "Isto é Teatro" na emisora "Radio Fene".

1985.- Forma parte do Equipo Organizador da Mostra de Teatro Infantil "Xeración Nós" da Mancomunidade de Municipios de Ferrolterra.

1988.- Coordina o I ENCONTRO DE TEATRO PROFESIONAL GALEGO (organizado polo Ateneo Ferrolán), auténtico Congreso do Teatro Galego, aínda que non se denominase así, e que segue a ser un referente dentro da profesión teatral.

1991.- Coordina a 2ª Feira de Teatro de Galicia.

2000.- Entra a formar parte, como Vogal de Teatro, do Padroado Municipal da Música e as Artes Escénicas do Concello de Ferrol.

Participa na creación do Ciclo de Teatro "Domingos a Escena" do Concello de Ferrol, no Centro Cívico de Caranza.

2002.- Funda con outros profesionais do teatro e é elixido Secretario da Asociación de Espectadores "Asociación de Amig@s do Teatro Jofre".

2006.- Volta á Vogalía de Teatro do Padroado Municipal da Música e as Artes Escénicas.

2008.- Entra a formar parte do Consello de Redacción da RGT (Revista Galega de Teatro) onde continúa, na actualidade, como membro do Consello Editorial.

O GRAFITI COMO ELEMENTO DE IDENTIDADE. O CASO DE FERROLTERRA

Foto: Fernando Rivera

Non son o primeiro nin serei o último en expor que o graffiti é o gran esquecido da cultura e a arte contemporánea, no referente a apreciación social. É máis, na maior parte das veces enténdese como algo de mal gusto que, ademais de ser ilegal, está feito por delincuentes. O graffiti móstranos unha linguaxe artística universal, espontánea e xurdida lonxe dos medios institucionais, nas rúas, moi ligado as correntes contraculturais locais (Gaggero, 2002, p. 101). Pero non é iso do que quero falar neste artigo, senón do papel deste fenómeno artístico no imaxinario da identidade colectiva de Ferrolterra, centrándonos en dúas pezas presentes no concello de Fene. Trataremos o graffiti coma fonte arqueolóxica, como testemuña dos pensamentos e inquietudes do pasado; e tamén do graffiti como fito paisaxístico.

O graffiti que queremos poñer en valor como fito paisaxístico é o coñecido, por algúns polo menos, como Pulpomanía, palabra que aparece pintada no exterior dun dos hexágonos de Fene, un conxunto arquitectónico de estilo brutalista que, dende fai anos, tratan de converter nunha residencia para maiores, o que supoñería o fin de todas as pintadas alí presentes, que levan acumulándose durante décadas. Eses edificios encóntranse en estado de abandono, tras ser unha escola durante os seus primeiros anos de existencia, e agora limítanse a ser un lenzo para graffiteiros e un fito xeográfico importante para os habitantes non só de Fene, senón de toda persoa que entre na comarca de Ferrolterra.

E é iso o que quero destacar con esta pintada: Pulpomania marca un fito, marca a entrada a Ferrolterra, e para os transeúntes habituais convértese nunha sinal: o bus está preto, estou chegando a casa. Non será unha pintada cun valor artístico incalculable (aínda que pintala probablemente fose unha tarefa arriscada!) pero si é parte da nosa paisaxe, cun significado que será distinto para cada un (fogar, proximidade, viaxe, noxo, decadencia, risco, orgullo, ...).

Non é o meu obxectivo converter Pulpomania nunha obra de arte protexida, ou impedir as obras nos hexágonos, pero si quero ofrecer un punto de vista positivo sobre un fenómeno artístico normalmente menosprezado, e descartado como arte válida, cualificado unicamente como froito da delincuencia e da quinquillada. Porque, aínda que non nos guste, o graffiti é parte do paisaxe moderno, e merece ser tratado como tal. Acaso obras de street art, como as Meninas de Canido, non son consideradas atraccións turísticas? Non converteuse, tamén, o makako de Ferrol Mola nun personaxe importante da nosa cidade? O graffiti, pese a súa ilegalidade na maioría dos casos, debería ser tratado como o que é: unha manifestación artística, que non só dota de identidade as nosas cidades e concellos, senón axúdanos a comprender a nosa terra, feito no que nos centraremos a continuación

E agora queremos ver e poñer en valor un graffiti feito na parroquia de Barallobre, que servirá de escusa para tratar o graffiti como fonte histórica, a escasos metros do abandonado Cine Adriano, nunha das pontes do tren que pasa pola parroquia. Trátase dun graffiti no que figura unha bandeira coas cores galegas e o escudo do PSG-EG, o Partido Socialista Galego-Esquerda Galega, que existiu entre 1984 e 1993, e un texto, hoxe case ilexible, no que pon “VOTA”.




Antigo colexio "Os Hexágonos" de Fene. © Uxía Arias vinte.praza.gal

Outro graffiti, do mesmo partido, aparece no outro lado do túnel, pero está en aínda peor estado. Os túneles de Barrallobre, polos que por enriba pasa o tren, figuran moitas pintadas que merecerían atención, entre as que encóntrase a peza de Castelao do BNG que foi restaurada recentemente.

Como poden servir estas pintadas, mal conservadas e doutra época, como fonte histórica? Poñamos algúns exemplos. Son moi coñecidos os graffitis romanos que consérvanse na cidade de Pompeya, e o seu estudo ábrenos as portas para non só coñecer os intereses, medos e chistes da sociedade latina da época, senón como fonte filolóxica para coñecer as peculiaridades do latín da súa época, en especial o latín popular; e, de esta maneira, axudarnos a reconstruír o pasado e a realidade histórica de época (Picón, 1988, p. 16). Moitas de estas pintadas son célebres pola súa obscenidade, moitos sendo de temática sexual, moitos recórdannos as pintadas que aparecen actualmente nas nosas rúas. Por exemplo, acompañado dun debuxo dun home coa nariz grande, hai un texto que di:
"Amplicatus, sei que Icaro sodomízate. Salvio o escribiu". Outro di así: "Restituta, quítate a túnica e mostra túas peludas partes", e outro, que se atopa nun burdel, di así: "Chorade, chicas. Meu pene renunciou a vos. Agora perfora o traseiro dos homes. Adeus, marabillosa feminidade"

(Almacén de Clásicas, s. f.). Estas pintadas poden recordar, algunhas, as nosas pintadas actuais, usadas de insulto ou ataque contra xente, moitas veces acusándoo de algo, como de homosexualidade.

Ademais, cambiando de lado do Imperio Romano, tamén hai inscricións viquingas en lugares tan afastados coma Grecia, tanto en Santa Sofía como en Atenas, onde os viquingos, probablemente servindo como gardacostas do emperador bizantino na Garda Varega, decidiran deixar o seu nome nos monumentos do imperio (Beatson, 2000-2008), xa fora por vandalismo como por chulería ou, incluso, por escribir o nome dun pretendente, coma faise aínda agora. Non son parecidos aos graffitis existentes hoxe, onde rapaces escriben o seu nome en paredes, incluso ás veces acompañados polo nome da súa moza?

Indo máis atrás no tempo aínda, quero destacar tamén, aínda que probablemente algún prehistoriador encóntrese en total desacordo comigo, non podería a arte rupestre ser graffitis? E se os animais da cova de Altamira foron as pintadas dos quinquis da época? Ou as de Lascaux? Ou calquera outra? Non quero argumentar nada ao respecto disto, senón só presentar un hipotético: e se a arte pictórica máis antiga de humanidade foran pintadas, ilegalizadas hoxe en día e consideradas arte lumpen?



[ARRIBA] PSF-EG. Foto do autor




Ferrol Mola (s. f.), https://ferrolmola.shop/nosotros

Pero volvendo a temática política do graffiti. Non sería interesante analizar as pintadas que fixéronse durante eses primeiros anos de democracia en España? Se podemos comprender máis aos romanos ou aos viquingos grazas aos seus graffitis, por que non podemos entendernos mellor a nós mesmos da mesma forma? A propaganda política é un tema moi estudado, sobre todo no referente á primeira metade do século XX, non poderíamos incluír, no estudo da propaganda actual, estas pintadas, antes da súa desaparición, ou borrado? Por exemplo, a comparación dos símbolos utilizados polos partidos desta época pode servirnos para analizar a súa evolución simbólica, dende un punto de vista máis preto a Historia da Arte. Analizar este patrimonio, antes da súa desaparición, podería ser de moita utilidade pare entender este período histórico.

E aquí quero preguntar unha cousa. Se valoramos as pintadas do pasado como patrimonio, como fonte histórica e como curiosidade turística, por que non valoramos o noso patrimonio presente, froito do noso propio contexto, moito máis próximo a nós? A razón é moi simple: clasismo. O graffiti foi sempre unha manifestación artística das clases populares, teña un obxectivo político ou non. Pintadas hai moitas, e significados tamén, aínda que estes queden perdidos na intencionalidade dos artistas. E se estudamos os de Roma, tamén podemos estudar os nosos, libres de prexuízos e con intención de entender este fenómeno artístico, porque así poderemos entender o noso propio pasado (e presente!).



Museo de Altamira, Rodrígue, D. (2013), Vista general del techo de polícromos. https://es.m.wikipedia.org/wiki/Archivo:12_Vista_general_del_techo_de_pol%C3%ADcromos.jpg



Rubio Hancock, J. (23 de octubre de 2018), "Gneo Alleo estuvo aquí": los grafitis en la Roma clásica. El País. verne.elpais.com/verne/2018/10/22/articulo/1540202645_138654.amp.html

E volvendo a Ferrolterra. Non poderían as nosas propias pintadas ser patrimonio, protexidas e estudadas? Aínda sobreviven pintadas feitas durante a transición e os anos 80, como a que aquí comentamos. Non sería conveniente, nestes anos politicamente convulsos, comezar a protexer o patrimonio da xeración anterior? Pode este graffiti falarnos do pasado político da nosa comarca, e como viv́ironse aquí os primeiros anos da democracia? Estudando estes graffitis, xunto co estudo das fontes primarias, poderemos, principalmente a xuventude, non só entender máis o pasado, senón acercarnos a el, tendo máis presente os restos de historia que quedan nas paredes da nosa comarca.

REFERENCIAS:

Almacén de Clásicas (s. f.), Recopilación de grafiti pompeyanos (lugar donde se encontró y traducción).(24/03/2023).

Beaton, P. (2000-2008), *Relics of the Varangians.* Christobel & Peter's

Gaggero, C. (2002), Graffiti, espacio social y política. *Revista Comunicación y Medios*, nº 13, pp. 101-110.

Picón, V. (1988), Contracultura: los "graffiti" de Pompeya. *Cuadern Gris*, nº 3, pp

O grafiti como elemento de identidade. O caso de Ferrolterra

GAN AINM

Historiador

MADEIRA E BREA

EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS



por Arturo Loureiro


As embarcacións tradicionais son as grandes descoñecidas para a maior parte da poboación ferrolá. Cando se celebra algunha concentración na nosa cidade (en setembro polas festas da Parrocheira, por exemplo) o público goza delas. Sorpréndese das súas formas e dos materiais utilizados, da variedade de tipos, das diferentes velas, dos tamaños... porén ignoran a súa historia.

Algunhas nocións básicas axudárannos a entender mellor este mundo tan apaixonante.

Hai unha certa tendencia a confundir o concepto de embarcación tradicional co de clásica. No primeiro caso falamos de embarcacións construídas en madeira con técnicas tradicionais e artesanais polos mestres carpinteiros de ribeira (hoxe oficio en perigo de desaparición) e dedicadas a traballos de pesca, marisqueo, transporte de mercadorías e pasaxeiros, navegación de lecer ou deporte. Utilizan para a súa propulsión remos e/ou velas.

Tiñan un aroma característico que lles daba a brea empregada para o seu calafateo e a conservación da cabullería.

No segundo caso "*considérase clásico a todo barco propulsado a vela ou motor destinado á náutica de recreo e construído en madeira ou materiais metálicos con anterioridade ao ano 1975, así como ás réplicas posteriores en calquera material baseadas en planos e materiais acordes á época anterior a 1975. Exclúense aqueles construídos en serie.*"[1]




Guía de embarcacións tradicionais de Galicia (Culturmar)

TIPOLOXÍA DE EMBARCACIÓNS E VELAS

As formas e tamaño dos barcos sempre se definiron polo pobo onde xurdiron, o traballo que ían desenvolver, a clase de vela, o tipo de arte de pesca a utilizar, así como polas características das augas nas que ían navegar. Ao longo da historia estas embarcacións foron adaptando as súas formas tamén á chegada, primeiro da máquina de vapor e logo dos motores diésel.


A lista é longa e imos nomear os máis significativos de Galicia

BARCOS



Guía de embarcacións tradicionais de Galicia (Culturmar)

VELAS



- A LATINA é unha vela triangular ou de coitelo que vai suxeita a unha verga pola parte superior.

- A LATINA CON MARTELO é o mesmo tipo de vela ca anterior pero cun corte na proa.

- O FOQUE é o nome xeral que se lle dá a todas as velas triangulares que van a proa do pao máis aproado do barco.

- A CANGREXA é unha vela trapezoidal que leva unha verga superior chamada pico. Vai unido ao pao por un cangrexo (de aí o seu nome) que en náutica se lle chama a unha peza semicircular que se despraza verticalmente por el, normalmente feito de madeira.

- AO TERZO é unha vela trapezoidal suxeita a unha verga, e esta fixada ao mastro de xeito que queda un terzo para proa e dous terzos para popa.

- DE RELINGA é unha vela asimétrica que vai envergada na parte superior. Toma o nome da beira do pano que está máis a proa onde vai reforzado cun cabo ou unha cinta.

Na ría de Ferrol existen aínda, sobre todo en mans privadas, unha boa representación dos botes que se usaban para traballar dentro da mesma ou no litoral Ártabro, se o tempo o permitía. A vela latina con martelo é a máis popular en case todos os botes. As artes de pesca que utilizaban eran a liña ou o cordel e as artes menores. As embarcacións de máis porte andaban ao marisqueo da zamburiña. Ata a década dos setenta, cando desapareceu este bivalvo de Ferrol, estaba prohibido arrastrar a motor, por iso navegaban a vela, tirando dun rastro chamado endeño.

- O BOTE PULPEIRO é unha embarcación de casco forte e liñas suaves. Podía ter diferentes esloras, entre catro e sete metros, segundo navegaran nel un, dous ou máis pescadores.

- A BUCETA DO NORTE é un bote que diferencia pouco a proa da popa facendo por iso unha navegación moi rápida e estable.

- A MEDIA CONSTRUCIÓN é un bote moi popular na nosa ría. Ata hai pouco era o gran esquecido en todas as publicacións sobre este tema. Grazas á insistencia dos socios e socias do Club do Mar, xa está recoñecido a nivel galego como unha embarcación tradicional máis. Segundo Roberto Santos, a súa construción comezou a principios do século XX [2]. A súa sinxeleza construtiva e as boas prestacións tanto na navegación coma na manobra fixeron desta embarcación unha das máis usadas en Ferrolterra, quedando aínda moitas delas nas mans dos afeccionados á pesca deportiva.

- A LANCHA, segundo Bernardo Máiz, "*(...) embarcación de ata dezaseis metros de eslora, moi arrufada, manguda, panzuda, con formas semellantes en popa e proa, aquela redonda (recollida, elíptica, apuntada) e esta recta ou lanzada.*"[3]

- O NOVE METROS é un barco que usaban as armadas española, portuguesa, francesa e inglesa. Levábase a bordo dos grandes navíos como auxiliar para o servizo de transporte de persoas e abastecemento, ademais de remolcar os barcos aos peiraos cando non había vento ou este non era favorable. Logo quedou para instrución mariñeira. Leva dous mastros e usa velas ao terzo.

- O TRINCADO era un barco de cabotaxe de ata dezasete metros de eslora por cinco de manga. Tiña o pao moi aproado e caído cara a popa. Usaba vela de relinga de moi difícil manexo, polo que máis tarde, a maioría deles foron reformados correndo o pao máis cara ao centro e armados con vela cangrexa e un ou dous foques. Eran utilizados en todos os portos entre Camariñas e Xixón para transporte de mercadorías.

- A TRAIÑEIRA é unha embarcación procedente do Cantábrico introducida en Galicia a finais do século XIX. Utilizaba unha arte chamada traíña para a pesca da sardiña. As súas medidas máis frecuentes eran doce metros de eslora por 1,80 metros de manga, resultando moi estreita e longa. Levaba un ou dous paos con velas ao terzo e seis ou sete toletes por banda, para poder ser propulsada a remo. Era moi rápida e adoitaba competir para chegar antes a porto e vender a mercadoría. De aquí vén a súa utilización actual como embarcación de regatas. Hoxe en día o seu casco constrúese con fibra de carbono.

- A CHALANA é posiblemente a embarcación máis coñecida e máis común en toda a costa. Ten o fondo plano e pouco calado polo que é fácil de varar en ramplas ou en praias. É axeitada para achegarse aos cantís e saltar ás rochas, coller percebes, mexillóns,... ou pescar cerca das rompentes. Tamén é usada como auxiliar de barcos de máis porte ou como barca de paso nos ríos.



Peirao de Curuxeiras na actualidade

Algúns destes barcos pódense ver na Dársena de Curuxeiras en Ferrol Vello. A maioría deles aparellan vela latina con martelo:

Unha buceta do Cantábrico de nome María AD que no País Vasco chaman batel.

Dous botes de media construción: O Carabullo, propiedade do Club do Mar Ferrol, rematado durante o VII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia celebrado en Ferrol en 2007 e o Nordés dos anos setenta.

Tres pulpeiros: O Emilio II, o Esteban e o Bote de Pao. Este último foi construído e botado ao mar no ano 2009, seguindo os planos doutro de 1908 e coas técnicas artesanais da época: cadernas e quilla de carballo, casco e cuberta de piñeiro, mastro de cedro e todo cravado con puntas de cobre.

O Pequeno, bote de construción tradicional do golfo Ártabro con formas derivadas dos pulpeiros e das lanchas.

O Enxebre, bote pulpeiro de 1936, que aparella vela cangrexa e foque.

La Pepa, dorna de tope, aparella vela de relinga. Chámase de tope porque as táboas do casco van unidas polo canto, non así na maioría das dornas que son de tingladillo ou calime onde as táboas montan unhas sobre outras.

O Bailón, unha lancha construída en Sada en 1961 que andaba á pesca do patexo. Reconvertida en balandro aparella vela cangrexa e foque.

Nove Metros, barco de instrución mariñeira da Armada Española retirado do servizo. Hoxe propiedade do Club do Mar Ferrol.

Nos pantaláns da Graña tamén se poden ver algúns barcos entre os que destaca o Punta Barbeira, unha antiga embarcación de prácticos reconvertida en balandro despois de varios anos de duro traballo por parte do seu propietario.

O CLUB DO MAR FERROL

Malia que a finais dos anos setenta en Ferrol rexurde o interese pola navegación a vela neste tipo de embarcacións e empézase a tomar conciencia da importancia que ten conservar estes bens, que forman parte de toda unha cultura popular que se estaba a perder, a nova normativa de pesca dos anos 80, consecuencia da entrada na Comunidade Económica Europea, non admite aumento de licenzas e a cada barco asígnaselle unha cantidade máxima de capturas. A partir deste momento os profesionais reúnen a tonelaxe correspondente a pequenos botes dedicados á pesca artesanal para armar barcos máis grandes e destrúen os pequenos obrigados pola mesma lexislación. Deste xeito desaparece gran parte da flota tradicional, reservada a ser elemento decorativo das rotondas das estradas.

Tamén a implantación irremediable da fibra nos cascos, axuda ao deterioro e abandono deste tipo de barcos de madeira quedando hoxe un número reducido de unidades e tipoloxías e, unicamente grazas á constancia e o empeño dalgúns defensores do patrimonio marítimo e amantes da madeira, a brea e a vela, vaise conseguindo que non acaben de desaparecer definitivamente.

No ano 1992 créase o Club do Mar Ferrol que se organiza en diferentes seccións: pesca deportiva, mergullo, fotografía submarina, vela cruceiro e embarcacións tradicionais onde se integran todos os propietarios dese tipo de barcos.

Desde esta sección de embarcacións tradicionais promóvense diferentes regatas, case todas elas coincidindo coas festas patronais, como as de Ferrol Vello, Caranza, Mugardos, O Seixo, Cariño, A Cabana, A Graña e Barallobre.



Festas da Cabana

Eran momentos de gran participación, non só para navegar, senón tamén para aprender e recuperar as diferentes técnicas de aparellamento tradicionais, eliminando plásticos e outros materiais modernos introducidos na cabullería, nos mastros ou na motonería, recuperando as embarcacións orixinais.

Con este afán de aprender, mesmo as técnicas de construción de carpintería de ribeira, algúns membros do club puxéronse mans á obra para recuperar embarcacións moi deterioradas, a piques de formar parte das luminarias de San Xoán. Era o caso do Ría de Ferrol, antiga areeira, cun precioso casco que conserva a fasquía dos antigos trincados. Un membro do club, coa axuda dalgúns socios e non socios, logo de moitos anos de traballo, conseguiu poñelo en funcionamento e aparellalo con dous foques e vela cangrexa pasando a formar parte do grupo de embarcacións tradicionais. Estivo durante moitos anos en primeira liña do porto de Curuxeiras e participou en moitos encontros e regatas de toda Galicia. Hoxe atópase en Cataluña, navegando polo Mediterráneo.



Festas da Parrocheira en Ferrol Vello

Outro caso a subliñar é o do Nove Metros. Como xa falamos antes, antigo barco de instrución mariñeira do que apenas hai unidades de madeira, xa que agora son de fibra e no que tantos ferroláns aprenderon a remar facendo o servizo militar. O do Club do Mar é o último que queda en Ferrol. Participou en diferentes Encontros como o de Ferrol no 2007, en 2008 en Brest e en 2009 en Muros. No momento de cerrar este artigo uns socios estanlle a facer o mantemento nas instalacións do club para a súa volta á navegación.

CULTURMAR

No ano 1993 nace A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, máis tarde CULTURMAR.

Entre os obxectivos da Federación están defender, divulgar e dinamizar o patrimonio marítimo de Galicia. Dende o seu inicio CULTURMAR caracterizouse pola recuperación de embarcacións e tipoloxías tradicionais; realización de investigacións no eido patrimonial costeiro e marítimo; dinamización das embarcacións mediante a realización de regatas e exhibicións; difusión do patrimonio marítimo e fluvial galego; fomento do asociacionismo cultural nas vilas e lugares costeiros.

Actualmente agrupa a corenta e tres colectivos dedicados a este fin, entre os que está o Club do Mar Ferrol.

O evento máis importante é a celebración itinerante, cada dous anos, do Encontro de Embarcacións Tradicionais, que se organizou en Ferrol no ano 2007. Este ano 2023 celebrarase a edición número XVI en Sada durante os días 3, 4, 5 e 6 de agosto.

CULTURMAR edita desde hai vinte anos unha revista semestral chamada ARDENTÍA, de gran calidade, onde se recollen, entre outros, artigos e entrevistas relacionados coa cultura mariñeira.

CULTURMAR fai saídas a moitos eventos estatais e internacionais, sendo convidada de honra na Bretaña francesa, en Douardenez 2000, en Brest no 2008 (as máis importantes citas europeas de embarcacións tradicionais) e en Pasaia no ano 2018.

No ano 2009 a European Maritime Heritage, (EMH) asociación de carácter internacional que conta co abeiro da UNESCO e asesora ás autoridades da UE nos temas do patrimonio marítimo, convidou a CULTURMAR a formar parte dela, incorporación que se materializou en Bruxelas o 16 de maio de 2009 converténdose no primeiro e ata o de agora único representante do Estado Español de pleno dereito no EMH. Máis tarde, no 2010, pasaría a formar parte do seu Comité Executivo.[4]

NOTAS AO TEXTO:

1 BOE núm. 236 do 2 de outubro de 2021

2 Roberto Santos González, Apupo núm. 8, revista que edita CULTURMAR

3 Bernardo Máiz e Enrique Freire, As embarcacións tradicionais. Do arco Ártabro a Ribadeo, Ferrol, Edicións Embora, 2009

4 https://culturmar.org/culturmar/

Madeira e brea:
embarcacións tradicionais

ARTURO LOUREIRO



(Fai 50 anos)

O fin da factoría PYSBE en Ferrol: crónica dunha morte anunciada

(Xaneiro – Febreiro 1973)

RAFAEL PERMUY LÓPEZ

Xornalista, escritor e investigador

A miña relación persoal con PYSBE (Pesqueiras e Secaderos de Bacallau de España) comezou na miña infancia e mocidade, desde dúas perspectivas distintas: a familiar e a da amizade e do compañeirismo de colexio. Iso necesita dunha aclaración explicativa.

Na miña casa familiar, os nomes de Iñarra, Trecet, Granullaque e Goiricelaya soaban, a miúdo, xa que se trataba dos directivos da mencionada factoría pesqueira, debido a que o meu pai, Jesús Permuy Seijo, o entón Xefe de Carenas da Empresa Nacional "Bazán" (Hoxe "Navantía"), era responsable da inspección dos buques bacallaeiros cando estes entraban a reparar no dique ferrolán. Por outra banda, nos meus primeiros anos de alumno do Colexio "Tirso de Molina", fun compañeiro, e establecín amizade, cos irmáns Trecet Martínez de Iladuya, Anxo María, Juan Cruz e Andrés, ademais de con Chechu Granullaque Dapena, xa que os seus pais eran o Director e o Subdirector, respectivamente, da factoría ferrolá de PYSBE. Tratábase de D. Andrés Trecet Berasategui, que accedera a este posto en 1959, procedente de Pasaxes (San Sebastián), e D. Mariano Granullaque González, que, desde practicamente a primeira localización da mencionada factoría ferrolá en 1945, prestara servizos na mesma, primeiro como caixeiro, e despois como subdirector, e finalmente, director. Tamén o meu irmán Jesús e eu habiamos establecemos amizade xuvenil con Javier Goiricelaya Arana, fillo do inspector de cuberta do os bacallaeiros de PYSBE, Juan Goiricelaya Arteta.

Lembro, nas datas 'prenavideñas', a chegada ao noso domicilio dos agasallos, tradicionais naquel entón, consistentes en cestas de Nadal, e a de PYSBE, en particular, contiña unhas caixas de madeira, con lombos de bacallau en salgadura, dun grosor considerable, e cun aspecto estupendo. Cando a cociñeira abríaas na nosa casa, os pequenos da familia, á mínima, achegabámonos ata a cociña para "roubar" unhas tiras de bacallau, que consumiamos en cru, dun sabor delicioso, para os meu gusto.

Tamén lembro ir xogar, a casa dos Trecet, no edificio de PYSBE no porto e, no verán, darnos un garbeo pola ría no "HALITO", un pequeno barco ao servizo do director, que constituía unha verdadeira delicia para aqueles raparigos que eramos.



Non me podo esquecer daquelas cheas de sal, situados no peirao "Fernández Ladreda", que escalabamos ata a cima, e cando os vixiantes sorpréndannos, expulsábannos de alí con caixas destemperadas

Como xa indicamos, o primeiro director a factoría de PYSBE en Ferrol foi D. Manuel Iñarra, seguido, en 1959, por D. Andrés Trecet, que permaneceu neste cargo ata 1967, para regresar coa súa familia, a San Sebastián, sendo substituído por D. Mariano Granullaque, que tivo que acometer o doloroso deber de xestionar, desde o seu cargo, a desaparición da factoría bacallaeira ferrolá, a principios de 1973.

O principio do fin

No devandito ano, eu prestaba os meus servizos, como xornalista, no xornal "Ferrol Diario", e entre os meus labores, ademais doutras, figuraba a información sindical, o portuaria etc. Xa entón corrían na cidade rumores de crises na empresa PYSBE, que tiña dúas factorías: unha en Ferrol e a outra en Pasaxes (Guipúzcoa).

O día 8 de xaneiro de 1973, á vista dos rumores, acudín ata os peiraos de "Fernández Ladreda", onde se asentaba a factoría, e alí permanecían amarrados os buques bacallaeiros da compañía. Recordo que puiden localizar a dous tripulantes do barco "Regañón" e entrevisteinos, segundo pode comprobarse coa foto que publicamos.

Rafael Permuy entrevistando a dous tripulantes do "Regañón"



Dixéronme que varios compañeiros desprazáronse ata Pasaxes (San Sebastián), co fin de entrevistarse cos membros da Dirección da empresa e manifestáronlle os seus temores de que os buques alí amarrados, que eran o “Céfiro”, o “Solano” e o “Regañón”, ademais do “Furacán”, que estaba en reparación en "Astano", non se fixesen, de novo, á mar, tras realizar unha marea de nove meses en Terranova e augas norueguesas, xa que levaban tres meses inactivos en Ferrol. Eles sospeitaban que había unha profunda crise económica en PYSBE e temían polos seus empregos. Así o publiquei no xornal do día 9 e, neste mesmo día, uns vinte tripulantes dos bacallaeiros presentaron unha demanda en Sindicatos, reclamando o pago dos salarios debidos, e eles confirmáronme o seu temor a que os barcos non se fixesen á mar.

O día 10 de xaneiro, á primeira hora da mañá, despraceime ata o porto e no edificio de PYSBE solicitei ver ao director da factoría. Eu sabía que, naqueles momentos de crises, non era fácil conseguir unha entrevista. Con todo, no ‘antedespacho’, ao identificarme co meu nome, D. Mariano Granullaque, ante min apelido Permuy, mandoume pasar, lembroume a amizade que tivo co meu pai, xa falecido no ano 1969, e concedeume a entrevista solicitada, cousa que lle agradecín excesivamente, pois creo que foi toda unha exclusiva e primicia informativa.

En primeira páxina da edición de “Ferrol Diario” do día 11 de xaneiro de 1973 o titular rezaba así: “LOS BACALADEROS NO SALDRÁN“. Polo menos de momento. A decisión definitiva depende do Consello de Administración de “PYSBE”, en San Sebastián”:


Preocupación entre tripulantes de bacaladeros de la Pysbe

Temen que los barcos no se hagan a la mar

Al parecer no se han pagado algunos salarios

Ferrol Diario. 1973-02-03

Los bacaladeros no saldrán

Al menos, de momento

La decisión definitiva depende del Consejo de Administración de “PYSBE“, en San Sebastián

El tema está candente. En estos últimos días nuestro diario recogía los insistentes rumores de que los buques bacaladeros de la «Pysbe» no se harían a la mar en esta próxima campaña.

La inquietud, naturalmente, creció entre los tripulantes de dichos buques, en su mayor parte ferrolanos y de la comarca. Sobre 250 hombres.

Pues bien, a nuestro pesar, hemos confirmado la noticia de que los barcos no se harán a la mar. Ayer nos hemos puesto en contacto con la dirección de la factoría ferrolana de la empresa «Pysbe». El Sr. Granullaque nos atendió muy amablemente. Se le notaba preocupado por la presente situación.

Nuestra primera pregunta fue, naturalmente, la siguiente:

—¿Salen o no, los barcos?

—No, no saldrán. Al menos, es lo que sé de momento. Aunque la cosa puede cambiar en cualquier momento y ordenar salir. Todo está aun impreciso.

—¿De qué depende?

—De nosotros, no, desde luego. De San Sebastián. Del Consejo de Administración de la empresa. Aquí, nosotros, somos un centro de trabajo. Nada más. No decidimos nada.

—Se sabe que en Pasajes se están celebrando reuniones. ¿Qué nos puede decir sobre ellas?

—Por el momento, nada. Yo personalmente no sé nada. He pedido el acta de estas reuniones. Pero si quiere enterarse, acérquese a Sindicatos, donde el Jurado y los enlaces de la factoría están celebrando una reunión informativa. Ellos le podrán decir más que yo.

—¿Qué hay sobre la demanda presentada sobre los salarios?

—Se les va a pagar. Esto es seguro. Y en seguida.

—Bien, ¿cómo podemos calificar entonces la situación?

—Ciertamente es pesimista. Me preocupa sobre todo por el personal. Sería una pena que después de 45 años la empresa tuviese que desaparecer. Pero, en fin, demos un margen a la esperanza...

Nos despedimos del Sr. Granullaque, deseando, como él, que nazca esa esperanza.

REUNION EN SINDICATOS

A las seis de la tarde se celebró en la Casa Sindical ferrolana una reunión de los jurados y enlaces de la factoría, en la que fueron informados sobre las reuniones celebradas en Pasajes (San Sebastián), que todavía continúan.

Después de hora y media de reunión y a su terminación, procuramos enterarnos sobre lo que se había dicho allí.

Hubo un «no comment» general. Al menos, por el momento. Se nos dijo que nos informaría ampliamente en la próxima semana. Sin duda, sus razones tendrán los jurados y los enlaces. No nos inmiscuímos.

HOY, ACTO DE CONCILIACION

Hoy, a las 11 de la mañana, en la Comandancia Militar de Marina, tendrá lugar el acto de conciliación sobre la demanda presentada por los marineros bacaladeros de «Pysbe» sobre salarios, plus familiar y manutención.

En nuestro próximo número informaremos ampliamente.

R. P. L.

HOY, REUNION DE LA COMISION MUNICIPAL PERMANENTE

CONCESION DE LICENCIAS DE OBRAS Y

Ferrol Diario. 1973-02-03



A entrevista con D. Mariano Granullaque, que estaba moi apesarado polas graves circunstancias que atravesaba a empresa, transcorreu da seguinte maneira, tal e como transcribo e publiquei na terceira páxina do xornal:

"O tema está candente. Nestes últimos días o noso diario recollía os insistentes rumores de que os buques bacallaeiros da "PYSBE" non se farían á mar nesta próxima campaña. A inquietude, naturalmente, creceu entre os tripulantes dos devanditos buques, no seu maior parte ferroláns e da comarca. Sobre 250 homes.

Pois ben, ao noso pesar, confirmaramos a noticia de que os barcos non se farán á mar. Onte puxémonos en contacto coa dirección da factoría ferrolá da Empresa "PYSBE". O Sr. Granullaque atendeunos moi amablemente. Notábaselle preocupado por medio de situación.

A nosa primeira pregunta foi, naturalmente, a seguinte:

—Saen, ou non, os barcos?

—Non, non sairán. Polo menos, é o que sei de momento. Aínda que a cousa pode cambiar en calquera momento e ordenan saír. Todo está aínda impreciso.

—De que depende?

—De nós, non, desde logo. De San Sebastian. Do Consello de Administración da Empresa. Aquí, nós, somos un centro de traballo. Nada mais. Non decidimos nada.

—Sábese que en Pasaxes están a celebrarse reunións. Que nos pode dicir sobre elas?

—Pois no momento, nada Eu, persoalmente, non se nada. Pedín a acta destas reunións. Pero se quere decatarse, achéguese ata Sindicatos, onde o Xurado e as ligazóns da factoría están a celebrar unha reunión informativa. Eles poderanlle dicir mais que eu.

—Que hai sobre a demanda presentada sobre os salarios?

—Váiselles a pagar. Isto é seguro. E enseguida.

—Ben, como podemos cualificar entón a situación?

—Certamente é pesimista. Preocúpame sobre todo polo persoal. Sena unha pena que, despois de 45 anos, a empresa tivese que desaparecer. Pero, en fin, demos unha marxe á esperanza...

Despedímonos do Sr. Granullaque, desexando, como el, que naza esa esperanza.

En Sindicatos

Ás seis da tarde daquel día celebrouse na Casa Sindical ferrolá unha reunión dos xurados e ligazóns da factoría, na que foron informados sobre as reunións celebradas en Pasaxes (San Sebastián), que aínda continúan.

Despois de hora e media de reunión e á súa terminación, procuramos decatarnos sobre o que se dixo alí.

Houbo un "non comment" xeneral. Polo menos, polo momento. Díxosenos que nos informarían amplamente a próxima semana. Sen dúbida, as súas razóns terán os xurados e ligazóns. Non nos inmiscimos.

Hoxe, acto de conciliación

Hoxe, ás 11 da mañá, na Comandancia Militar de Mariña, terá lugar o acto de conciliación sobre a demanda presentada polos mariñeiros dos bacallaeiros sobre salarios, plus familiar e manutención. No noso próximo numero informaremos amplamente. R.P.L. (e asinei coas miñas iniciais, correspondente a Rafael Permuy López). E tal e como anunciaramos, o día 12 puidemos confirmar que PYSBE abonaría os salarios debidos aos tripulantes dos seus bacallaeiros, e que, por tanto, 420 homes da frota pesqueira percibirían os seus soldos en tanto estivesen en terra, o cal significaba un minguado alivio da situación.

Por outra banda, coñecemos que tres dos seus bacallaeiros, o "Aquilón", o "Brisa" e o "Tornado", foran xa vendidos e que unha empresa británica iniciaba conversacións con PYSBE, a fin de adquirir a compañía bacallaeira vasca, que aínda tiña nove bacallaeiros na súa frota.



Con todo, o persoal de terra da factoría ferrolá, constituída por un persoal de 300 persoas, entre homes e mulleres, temían polos seus postos de traballo, e mostraban gran desasosego, aínda que aínda quedaban, en almacén, 1.000 toneladas de bacallau sen preparar, o que constituía moi escaso traballo e a curto prazo.

Pouco durou a esperanza, xa que o interese de adquisición de PYSBE por parte da empresa inglesa, desvaneceuse pronto e así o anunciamos na edición do día 14, aínda que en Ferrol esperábase unha inxección de capital de SODIGA, que nunca chegou.

Dúas xornadas despois, o día 16, comunicabamos que en Sindicatos reuníronse varios oficiais dos buques bacallaeiros cun vogal nacional, que deu conta do tratado en San Sebastián. Estes oficiais dixéronme que PYSBE estaba pendente de vender as nove unidades navais que constituían a frota pesqueira, e que a empresa interesada convertería os barcos en conxeladores, e dedicaríanos á pesca da pescada, ademais de que se faría cargo das dotacións. Pero as obras de transformación dos barcos entrañarían un espera considerable.

Houbo tamén reunión de vogais xurados do persoal de terra ferrolán, pero nada me relataron referente á súa grave situación, tamén previsible. Con todo, informáronme que, en San Sebastián, as reunións estiveron presididas polo Director Xeral de PYSBE, D. Luís Vicente Rago, asistindo o presidente do Xurado, que era D. Andrés Trecet, o antigo director da factoría ferrolá, así como o xefe de persoal de Frota, Sr. Pérez Sema, ademais de quince vogais, actuando como secretario o Sr. Silva Andonegui.

Considerábase que, necesariamente, tralo estudio da situación económica de PYSBE, atribuíble á escasa pesca obtida nas anteriores campañas e o mal estado dos buques, amén dun considerable aumento dos custos de explotación. Por outra banda, había enormes dificultades para obter novo financiamento. Todo elo habería de finalizar nun expediente de crise económica e laboral.

Isto era así, xa que o pasivo da empresa elevábanse a 350 millóns de pesetas, que non podía ser compensado cos seus activos, consistentes en nove barcos, dúas factorías, vivendas e terreos, trebellos e utensilios, ademais de 3.880 toneladas de bacallau en almacéns.

O día 25 de xaneiro puidemos decatamos que o Sr. Granullaque reuniuse cos vogais do Xurado Sindical da factoría que el mesmo dirixía, para informais da venda de 200 toneladas de bacallau a unha empresa portuguesa e que se estaba á espera de proceder á venda dos nove bacallaeiros da Frota. Continuaban as reunións en San Sebastián

Crónica de urxencia dunha morte anunciada

Durante o mes de febreiro de 1973 as noticias relativas a PYSBE producíronse de forma vertixinosa. Así, o día 1 do devandito mes, en "Ferrol Diario" preguntabámonos se, tras a reunión que habería de celebrarse en San Sebastián o seguinte día 5, presentaríase ou non o temido expediente de crise. Tamén anunciabamos, no noso xornal, que estaba practicamente pechada a venda da Frota, da cal xa estaban vendidos cinco bacallaeiros e outros tres faríano proximamente, quedando unicamente catro de buques sen vender.



Tamén publicamos que o día 3, ás 11 da mañá, reuniríanse na Delegación Comarcal de Sindicatos de Ferrol, os representantes do persoal da Frota, para ser informados das circunstancias pola que pasaba PYSBE, aínda que, o día anterior abonáronse aos mariños dos bacallaeiros as cantidades debidas, e as correspondentes ás nóminas do mes de xaneiro enviaríanse aos seus respectivos domicilios, así como os pluses familiares e de manutención. Contemplábase o abono doutro plus especial, #ante os posibles prexuízos que a crise económica empresarial producían aos empregados.

Pero foi a edición do noso xornal, correspondente ao día 2 de febreiro, que, en primeira plana, anunciaba unha terrible noticia:

"LA FACTORÍA DA "PYSBE" DE FERROL, CONDENADA A DESAPARECER."

Xa se falaba dun prazo de meses e que o expediente de crise da frota, polo momento, non afectaba á factoría ferrolá. Convocábase a todos os tripulantes da frota pesqueira da empresa para reunirse o luns día 5, ás 11 horas, na Delegación de Sindicatos de Ferrol, sita no cantón de Molíns, para recibir información. Anunciabamos que os buques "Refacho" e "Ciclón" estaban practicamente vendidos, e os seus tripulantes continuarían prestando servizos ao novo propietario, con todos os seus dereitos. Con todo, os oficiais mercantes habían presentado demanda por salarios, cuxo acto de conciliación tamén tería lugar en Sindicatos na data mencionada. Celebrada a reunión dos mariños, anunciouse a inminente presentación, en San Sebastian, do expediente de crise da frota pesqueira.

O día 8 de febreiro, na Comandancia de Mariña ferrolá, habería de verse a demanda presentada por dezaseis oficiais dos buques pesqueiros de PYSBE, representados polo prestixioso avogado ferrolán D. Miguel C. Vidal, aínda que os representantes da empresa non se presentaron, non chegando, por tanto, a unha conciliación previa entre as partes. Así mesmo, no edificio de Sindicatos, 140 mariñeiros dos distintos buques bacallaeiros tamén presentaron demanda por salarios debidos. A grave crise, acrecentábase e confirmábase a presentación, na Delegación de Traballo de San Sebastian, do expediente que afectaba a toda a frota pesqueira de PYSBE.



Xa o día 14, anunciabamos que non houbera avinza no acto de conciliación na demanda de salarios presentada polos tripulantes na Comandancia de Mariña, asistindo ao acto o Director da factoría ferrolá, Sr. Granullaque, xa que a empresa só comprometeuse a pagar o soldo-basee e outras cantidades complementarias, pero non os salarios que rexían durante as faenas pesqueiras no mar, como solicitaban os demandantes. Por tanto, a demanda pasou á Magistratura de Traballo, para ser vista por un maxistrado.

O 17 de febreiro chegaba outra mala noticia. Anunciábase a chegada a Ferrol do director xerente de PYSBE e a probable presentación do expediente de crise de traballo na factoría ferrolá.

Finalmente, o día 20 do citado mes celebrouse, en Sindicatos, unha masiva reunión dos representantes sindicais e do persoal directivo da empresa, na que a representación social manifestou que houbo moitos desacertos na xestión empresarial.

O final definitivo

O seguinte día 21 chegaba a puntilla definitiva para a Factoría ferrolá. Na primeira plana de "Ferrol Diario" anunciábase:

"PRESENTACIÓN INMEDIATA DO EXPEDIENTE DE REGULACIÓN DE EMPREGO DA FACTORÍA. Unha posible solución: Constituírse os produtores en Cooperativa."

Puede ser cuestión de meses

La factoría de la "PYSBE" en Ferrol, condenada a su desaparición

El expediente de crisis para centros de la flota no le afectará por el momento

El Jurado de la Flota de la "Pysbe" tuvo ayer en San Sebastián una reunión con la Gerencia de la empresa, en el transcurso de la cual se informó de algunos trámites. La venta del "Ráfaga" y "Ciclón", ya en firme, no está totalmente ultimada, si bien es cosa hecha.

Se dio cuenta asimismo de que va a ser presentada muy próximamente la solicitud de incoación de expediente de crisis en los centros de trabajo de la flota. Lo que quiere decir que, de momento, no afectará el hecho a las factorías de Ferrol y Pasajes, si bien, a través de informaciones a las que concedemos el máximo crédito, se sabe que ambas factorías, a plazo corto, están condenadas totalmente. Puede ser cuestión de meses.

convocados —y se ruega que se divulgue la nota al máximo a través de los medios informativos—, a la reunión que se celebrará el lunes próximo, a las once horas, en la delegación comarcal Sindical de Ferrol. A la misma asistirá el señor Durán, que conjuntamente con don Joaquín Fernández asistió a las reuniones de Pasajes. Se informará de los últimos acontecimientos.

Los asistentes deberán acudir con el D.N.I. y recibo de la última liquidación percibida el pasado año, con objeto de formalizar urgente y pertinente escrito.

DEMANDA DE LO

Ferrol Diario. 1973-02-03

O director Xerente da Empresa, D. Luís de Vicente, anunciou o cesamento total e definitivo de todo o persoal da factoría de Ferrol. Evidentemente, os traballadores non conseguiron solución algunha e non houbo cooperativa. Era o final da existencia de PYSBE en Ferrol.

A última información que cubrín para o meu xornal, sobre esta crise definitiva, foi o día 23 de febreiro. Tratábase da actuación, #ante Magistratura de Traballo en Ferrol, do avogado, Sr. Vidal, en representación dos vinte oficiais da Frota bacallaeira, que reclamaban a PYSBE preto de 500.000 pesetas de soldos atrasados, opoñéndose ás súas reivindicacións o representante legal da empresa, sobre algúns aspectos da demanda. O caso quedou visto para sentenza, e xa non tiven ocasión de coñecer o seu resultado.

Debo confesar que, cando xurdiu a grave crise de PYSBE, tomeime o labor de cubrir a información sobre iso, como algo mais que un deber xornalístico, xa que me unían estreitos lazos de amizade cos fillos dos directores, os meus antigos compañeiros e amigos do colexio, Anxo, Andrés e Chechu, amizade que aínda manteño na actualidade, transcorridos mais de 60 anos. Foi moi duro e doloroso, para o meu e para eles, a morte e desaparición da PYSBE, en Ferrol e en San Sebastián.

Un xornalista ao pé do canón

Poucos días mais tarde do final de PYSBE, cesaba voluntariamente a miña relación profesional co meu querido "Ferrol Diario", xa que, concretamente, o día 10 de marzo daquel ano 1973, fun destinado, tamén con carácter voluntario, como oficial de Artillería que era ao Rexemento Mixto nº 2 de dicha Arma, de guarnición en Ferrol. Con todo a miña reincorporación ao Exército, nunca abandonei o Xornalismo. En realidade convertinme en "un xornalista ao pé do canón". Pero esa é outra historia, que haberei de relatar noutra ocasión.

La crisis de "Pysbe"

Presentación inmediata del expediente de regulación de empleo de la factoría

Una posible solución: contituirse los productores en cooperativa

El Jurado de la Empresa Pysbe se reunió en la mañana de ayer bajo la presidencia del director general de la Empresa, don Luis de Vicente, siendo informado de la muy delicada situación económica por la que atraviesa la Empresa y de la perentoria necesidad, como consecuencia de la misma, de plantear ante la Autoridad Laboral provincial con carácter inmediato el pertinente expediente de regulación de empleo para cese total y definitivo de los trabajadores de la Factoría de El Ferrol del Caudillo. Los Vocales Jurados, por su parte, hicieron patente la postura sindical encaminada a la puntualización de situaciones concernientes a jubilaciones anticipadas, fijación de indemnizaciones previas a la resolución del expediente, programación de cursos de reconversión profesional del personal, posibilidad de constitución por los propios productores de una Cooperativa que se encargase, con las garantías adecuadas, de la gestión, explotación y funcionamiento de la Factoría.

Se hizo especial hincapié en que el expediente al que se alude no afectase a la totalidad del personal, en similar coyuntura al que se proyecta para la Factoría de Pasajes, y que pudiese plantearse como expediente de suspensión temporal, sin que ello prejuzgase por parte del Jurado aceptación alguna del expediente, pero sobre la base de que esta modalidad, aún afectando notablemente a los trabajadores, pudiera permitir la reflexión sosegada sobre la creación de la posible cooperativa, la orientación futura ante recalificaciones profesionales u otras gestiones de colaboración conjunta entre el Jurado y la Dirección de la Empresa para la superación de la actual situación.

Este planteamiento ha sido acogido por el director general con la promesa de estudiar de forma inmediata y con esperanzadoras posibilidades de viabilidad.

Ferrol Diario. 1973-02-03

FERROL



Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura